



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: XERMADE

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de novembro de 2024

Lugo, 24 de outubro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3132

Término municipal de:	XERMADE
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
9.18	BERMUDEZ CELA JOSE LUIS BERMUDEZ CELA JESUS ALBERTO	LGAR. POBLADO DAS VEIGAS Nº 202 B-AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ 15320
9.30	BERMUDEZ FERNANDEZ ALICIA	LG PENAVAQUEIRA, A-PQ ROUPAR Nº2- XERMADE 27835
9.29	FERNANDEZ BARRO MARIA CARMEN	RUA GOLPA Nº15 2ªA-OLEIROS 15172
9.19; 9.15	FRANCO VEREZ NATIVIDAD IRENE	LG PENAVAQUEIRA, A-PQ ROUPAR Nº9- XERMADE 27835
9.20	HERMIDA MOURIÑO MARCELINO HERMIDA MOURIÑO MARIA CARMEN	LG PORTOMUIÑO Nº1 ROUPAR-XERMADE 27835
9.6	LOPEZ CASTELO JOSE	CL ASTURIES 1 Es:1 1º 4-BLANES 17300
9.39	PARDO FERREIRO MARIA HERMINIA	AV LLUIS COMPANYS Nº7 ESC.1 5ª4-SANT CUGAT DEL VALLES 08172
9.31	PARDO PERNAS CARMEN	AV RAMON FERREIRO Nº20 ESC.1 4ºC-LUGO 27002
9.25; 9.17	PAZ GATO ALICIA	LG PORTONOVO, O - PQ ROUPAR Nº1- XERMADE 27835

9.26	PENA FERNANDEZ FRANCISCO LOPEZ RUBINOS MARIA DEL CARMEN	AV CORUÑA (DA) Nº177 ESC.1 5ªA-LUGO 27003
9.22	PRIETO FERREIRO LUIS	LG CASANOVA, A - PQ ROUPAR Nº 111- XERMADE 27835
9.2; 9.4	PRIETO PITA MARIA LEONILDE	C. ROUPAR 1 -XERMADE 27835
9.48; 9.41	ROCA CAAVEIRO JULIA ROCA CAAVEIRO JUAN CARLOS	RU ALEXANDRE BOVEDA Nº3 5ªA-NARON 15570
9.14	ROCHELA VILAR MARIA TERESA ROCHELA VILAR JESUS MARCELINO ROCHELA VILAR MARIA GENEROSA	RU PORTIÑO Nº19 ESC.1 1º E-OROSO 15888

R. 3341

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: MURAS

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de novembro de 2024

Lugo, 24 de outubro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3131

Término municipal de:	MURAS
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
7.1	CARBALLIDO AMOR JOSEFA GUERREIRO ALVAREZ ANTONIO	A PALEIRA, 26 - MURAS 27836
7.3	LOPEZ BOUZA JOSEFA	VILAVERDE, 2 - XERDIZ - OUIROL 27865
6.11	PENABAD PRIETO MARIA CARMEN PENABAD RAMUDO BORJA YANES PENABAD ADA	PB FRAGA, 4-ESC. 4 - 2º DCHA. - AS PONTES 15320
7.4	PEREIRAS PENABAD JOSE CARLOS PEREIRAS PENABAD ANTONIO PEREIRAS PENABAD HORTENSIA JOSEFA	

R. 3352

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: OUROL

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de novembro de 2024

Lugo, 24 de outubro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3130

Término municipal de:	OUROL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
5.22; 5.20	CAMBA BOUZA DIVINA GRADAILLE CAMBA CARINA GLORIA	CASTRILLÓN, 76-ESC. 1-1º DCHA. - A CORUÑA 15009
5.10	CAMBA GOMEZ ROBERTO	CARLOS M. CÉSPEDES, 1- ESC. 1-BAJ IZQ. OLEIROS 15179
5.30	CAMBA ROUCO FRANCISCA ESTRELLA FERNANDEZ CAMBA MARIA PILAR	CASTRILLÓN, 76-ESC. 1-1º DCHA. - A CORUÑA 15009
5.36	HERMIDA PRIETO MIGUEL HERMIDA CHAO FRANCISCO HERMIDA PRIETO AZUCENA HERMIDA PRIETO MARIA JOSE	RÚA DA RAXEIRA, 28 - 2ºD - SANTIAGO DE COMPOSTELA
4.2	HERMIDA PRIETO MIGUEL HERMIDA PRIETO AZUCENA HERMIDA PRIETO MARIA JOSE	RÚA DA RAXEIRA, 28 - 2ºD - SANTIAGO DE COMPOSTELA
5.23; 5.14	ROLLE LOPEZ MARIA EULALIA FERNANDEZ ROLLE BEGOÑA	CANCELA VELLA, 1-BENQUERENCIA - BARREIROS 27792

R. 3342

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA CAPACIDADE E SEGURIDADE DA LU-540 (VIVEIRO - CABREIROS)

Termo municipal: VIVEIRO

Clave: LU/19/165.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de novembro de 2024

Lugo, 24 de outubro de 2024.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3129

Término municipal de:	VIVEIRO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-165.10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
2.27	CHAO PEREZ JOSE ANTONIO	R. CAPILLA, 7 - VIVEIRO 27850
2.42; 2.40	COMUNIDAD DE MONTES EN MANO COMUN CASTELO DE SAN MARTIN Y FRAG	CL CRISTO, 16 - LANDROVE - VIVEIRO 27850
1.45; 1.33	FERNANDEZ COBO DOLORES POLO FERNANDEZ NURIA	CL LODEIRO, 6 - ESC. 3 - 3º C - VIVEIRO 27850
1.4	GARCIA LOPEZ JUAN ANTONIO	MACEDO, 8 -OUROL 27865
1.52	GONZALEZ PEREZ MANUEL	
1.10	MARTINEZ PERNAS EVA MARTINEZ PARGA MANUEL MARTINEZ PERNAS RUTH PARGA FERNANDEZ MATILDE	MAGAZOS, 78 - VIVEIRO 27850
2.5; 1.25	OTERO MARTINEZ ALVARO OTERO MARTINEZ JESUS MANUEL	CL CRISTO, 27 - LANDROVE - VIVEIRO 27850
1.51; 1.24; 1.17	PIÑON FANDIÑO MARIA VICTORIA	
1.40; 1.39	POLO SALGUEIRO SOFIA POLO SALGUEIRO MARCOS POLO SALGUEIRO MARIA BEGOÑA POLO SALGUEIRO RAMON SALGUEIRO BELLO EMERITA	R. OTERO BESTEIRO, 4 - 4º A - LUGO 27003

R. 3343

CONCELLOS**ABADÍN***Anuncio*

Aprobación definitiva expediente modificación de crédito 1/2024 na modalidade de Suplemento de Crédito

O Pleno do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 13 de setembro de 2024 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito 1/2024 do orzamento 2024, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 1.200.000,00 € financiado con cargo ó remanente de tesourería.

Con data 17.09.2024 publicouse no boletín oficial da provincia nº 216 anuncio da súa aprobación inicial. Transcorrido o prazo establecido, non se presentaron alegacións polo que queda automaticamente elevado a definitivo o acordo inicial do pleno.

Así, en cumprimento do artigo 169 por remisión do artigo 177.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, faise pública co seguinte detalle:

ALTAS Orzamento de GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Concepto	Modificación proposta	Créditos Definitivos
312.622	Edificios e outras construcións	1.200.000,00	2.400.000,00

ALTAS Orzamento de INGRESOS

Aplicación Orzamentaria	Concepto	Importe
870	Remanente de Tesorería	1.200.000,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Segundo o artigo 171.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a interposición do devandito recurso non suspenderá por sí soa a efectividade do acordo impugnado.

Abadín, 28 de outubro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 3353

CARBALLEDO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía ditada con data 29 de outubro de 2024 foron aprobadas as bases reguladoras do proceso de selección para cubrir dúas prazas de Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, do Concello de Carballedo, por promoción interna mediante concurso-oposición.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA E POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO).

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto das presentes bases a provisión, por promoción interna, en propiedade, de dúas prazas vacantes que se inclúen na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Carballedo, e na Oferta de Emprego Público publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia con datas 27 de xuño e 1 de xullo de 2024 respectivamente, coas seguintes características:

DENOMINACIÓN	VACANTES	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	OBSERVACIÓNS
Administrativo	1	C1	Administración Xeral	Administrativa	Promoción interna
Administrativo Contabilidade	1	C1	Administración Xeral	Administrativa	Promoción interna

2.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

As prazas de Administrativo que se convocan, atópanse encadradas no Grupo C, Subgrupo C1, nivel 22 dos establecidos no artigo 76 o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa Disposición Transitoria Terceira de dita Lei e encadrada na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, da plantilla do Concello de Carballedo.

O contido funcional destas prazas e postos de traballo consistirá na realización das funcións propias da praza, conforme á titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras, que dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do Concello de Carballedo en calquera das Unidades Administrativas deste.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

De acordo co establecido no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Posuír a titulación de Bacharelato, FP2 ou equivalente. No caso de que a titulación a que se refire este apartado obtívose no estranxeiro, deberá haberse concedido a correspondente homologación .

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de

inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Pertencer como funcionario de carreira a algún dos Corpos e Escalas do Subgrupo C2 da plantilla do Concello de Carballedo con unha antigüidade de dous anos en activo, ou ao corpo de persoal laboral fixo do Concello de Carballedo que, con esa mesma antigüidade, desempeñe funcións ou actividades reservadas ao persoal funcionario do Subgrupo C1. Os permisos e excedencias derivados da política de conciliación da vida laboral e familiar ou da política de loita contra a violencia de xénero computaranse como tempo de servizo prestado aos efectos do disposto nestas bases.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

4. SOLICITUDES

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases dirixiranse ao Alcalde do Concello de Carballedo, e presentaranse no Rexistro de entrada do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *BOE*.

As bases íntegras publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, introducíndose anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude deberá ir acompañada por:

— Fotocopia do DNI ou, de ser o caso, pasaporte.

— Fotocopia compulsada do Título que permite o acceso ao Grupo C1 ou, no seu caso, certificado no que conste que o aspirante ven desenvolvendo funcións ou actividades reservadas ao persoal funcionario do Subgrupo C1

— Listado ordenado de méritos a ter en conta á fase de concurso e méritos e circunstancias alegadas que deban ser valoradas.

Os aspirantes alegarán os méritos no modelo normalizado establecido ao efecto polo Concello de Carballedo, de acordo coas seguintes instrucións:

a) Os méritos han de relacionarse de xeito claro, concreta e individualizada

b) Os méritos relativos á experiencia profesional deberán alegarse con indicación dos períodos de tempo de prestación de servizos. Os méritos relativos á experiencia profesional noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante o certificado emitido pola Unidade de Persoal onde prestou os seus servizos, detallando categoría e tempo de dedicación.

c) Os cursos de formación acreditaranse mediante a presentación de fotocopias debidamente compulsadas da certificación, título ou diploma correspondente.

En ningún caso se valorarán os méritos non alegados na instancia, nin aqueles outros que non vaian acompañados da documentación anteriormente referida, debidamente compulsada.

5. ADMISIÓN DE CANDIDATOS

5.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía - Presidencia da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, constará a identidade dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

5.2 Os aspirantes excluídos, así como os que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos dispoñerán dunha prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución, a fin de emendar o defecto que motive o seu exclusión ou a súa non inclusión expresa.

5.3 Unha vez finalizado o prazo de subsanacións, as reclamacións, si as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas pola Presidencia da Corporación, na resolución pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será feita pública no Taboleiro de Edictos do Concello. No caso de que non se formulasen reclamacións quedará definitivamente aprobada a lista provisional.

6. ÓRGANO DE SELECCIÓN.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Por Decreto da Alcaldía establecerase a composición do órgano de selección que, en todo caso, estará composto por:

- Presidente: o designado pola Corporación.
- Secretario: o designado pola Corporación, con voz e voto.
- Tres vocais: designados pola Corporación.

A designación dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

7. SISTEMA SELECTIVO.

O sistema de selección será o concurso-oposición:

7.1.Fase de Concurso:

A fase de concurso será previa á de oposición e non terá carácter eliminatorio. Consistirá na cualificación dos méritos alegados, no modelo normalizado que figura no anexo II destas bases, e debidamente acreditados polos aspirantes de acordo co baremo de méritos establecido. Só poderán valorarse aqueles méritos obtidos antes da data en que termine o prazo de admisión de instancias da correspondente convocatoria.

Valoraranse os méritos de acordo ao seguinte baremo:

- a) Experiencia profesional, ata un máximo de 8 puntos.

A experiencia profesional valorarase da seguinte forma:

1. Por servizos prestados na categoría de Auxiliar administrativo na Administración Local, a razón de 0,7 puntos por cada ano de servizo, rateando os períodos inferiores.

- b) Formación, ata un máximo de 2 puntos.

Pola realización de cursos relacionados coas funcións propias dun Administrativo, conforme ao seguinte baremo:

- Menos de 20 horas: 0,1 puntos.
- De 20 a 50 horas: 0,2 puntos.
- De 51 a 80 horas: 0,3 puntos.
- De 81 a 150 horas: 0,4 puntos.
- De 151 a 300 horas: 0,6 puntos.
- Más de 300 horas: 0,8 puntos.

Non se valorarán cursos de idiomas e similares que non garden relación co posto.

Os aspirantes dispoñerán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso para facer alegacións, cuxa resolución farase pública antes de que finalice a fase de oposición.

7.2.Fase de Oposición.

O temario axustase ao establecido no artigo 80.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no artigo 77 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba do regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da Administración Local.

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e será avaliable ata un máximo de 12 puntos e consistirá na realización dun test de preguntas de opción múltiple coas seguintes características:

- 1.^a O test constará de 55 preguntas. Só cualificaranse as 50 primeiras, quedando os 5 restantes de reserva para o caso de que algunha daquelas sexa anulada.
- 2.^a En cada pregunta a persoa aspirante deberá elixir a resposta correcta de entre 4 posibles.
- 3.^a Cada resposta correcta valorarase con 0,24 puntos. As respostas erróneas e as respostas en branco carecerán de penalización.
- 4.^a O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 90 minutos.
- 5.^a A puntuación mínima para superar este exercicio será de 6 puntos. As persoas candidatas que non alcancen dita puntuación mínima terán a consideración de non aptas. O tribunal publicará a lista por orde alfabética das persoas candidatas que superasen esta proba e a cualificación obtida.
- 6.^a O lugar, a data e a hora de celebración desta proba serán comunicados a través da resolución pola que se probe a relación de persoas admitidas e excluídas que será publicada no «Boletín Oficial da provincia».

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non compareza.

7.3.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...] para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír no día do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

8. CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.

A cualificación definitiva virá dada pola suma das puntuacións das fases de concurso e oposición, sempre que se superou o exercicio desta última, levantando o Tribunal a acta correspondente.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo á maior puntuación obtida na fase de oposición. En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar o exercicio da fase de oposición.

9. LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos do Concello.

Simultaneamente á súa publicación, o Tribunal Cualificador elevará a relación expresada á Alcaldía-Presidencia, propoñendo o nomeamento do/a aspirante aprobado/a.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

10.1 O/a aspirante que supere o proceso selectivo, previamente ao seu nomeamento, presentará a este Concello, a través do Rexistro Xeneral, os documentos acreditativos de que posúen as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

10.2. O prazo de presentación de documentos será de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos do Concello.

10.3 Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderán ser promocionados, quedando anuladas todas as actuacións relacionadas cos mesmos, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen incurrido por falsidade na solicitude de participación.

11. PROPOSTA FINAL E NOMEAMENTO.

Concluído o proceso selectivo e aportada a documentación correspondente o nomeamento corresponderá á Alcaldía, na súa condición de xefatura directa do persoal, e será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial do Estado*.

Unha vez publicado o nomeamento, deberase proceder á toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación, tal e como establece o artigo 60 na letra e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quen sen causa xustificada, salvo casos de forza maior, non tome posesión ou non se acuda no prazo sinalado, decaerá nos seus dereitos

12. RÉXIME DE IMPUGNACIÓNS.

As bases de convocatoria e cantos actos administrativos derívense delas e da actuación do Tribunal Calificador, poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao da publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público, o Regulamento xeral de ingreso do persoal, ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública no que non fose derogado polo Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I.- TEMARIO

1. A Constitución Española. Estrutura e contido esencial. Procedemento de reforma.
2. O Estado social e democrático de Dereito. Outros principios e valores regulados no título preliminar.
3. Os dereitos e deberes fundamentais. Garantía dos dereitos e liberdades na Constitución Española. A suspensión dos dereitos fundamentais.
4. O Poder Lexislativo. As Cortes Xerais. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.
5. O Goberno no sistema constitucional español. O Presidente do Goberno. As funcións constitucionais do Presidente do Goberno. O Goberno: composición e funcións constitucionais.
6. A Administración Pública na Constitución. Principios de actuación administrativa.
7. O Poder Xudicial. Regulación constitucional da xustiza. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional na Constitución. A Organización da Administración de Xustiza en España
8. A organización político-institucional e administrativa das Comunidades Autónomas. O sistema da distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Organización institucional da C.A. de Galicia.
9. O Comité das Rexións. A carta europea da autonomía local.
10. Os conceptos de Administración Pública e Dereito Administrativo. O sometemento da Administración ó Dereito. O principio de legalidade. As potestades administrativas.
11. O Réxime Local: significado e evolución histórica. A Administración local na Constitución. principio de autonomía local: significado, contido e límites. Clases de entidades locais.
12. As fontes do Dereito Administrativo. A normativa supraestatal. A normativa estatal: a Constitución como norma xurídica.
13. A lei e as disposicións do Goberno con forza de lei. O Regulamento. O ordenamento xurídico das CC. AA. Outras fontes do dereito administrativo.
14. A relación xurídico administrativa. As persoas xurídicas públicas: clases. Capacidade das persoas públicas.
15. O administrado: concepto e clases. A capacidade dos administrados. Dereitos do interesado no procedemento administrativo.
16. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e a forma.
17. A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

18. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.
19. Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. Clases de interesados no procedemento. Dereitos dos administrados
20. A iniciación do procedemento. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: intervención dos interesados, proba e informes.
21. Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.
22. Recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.
23. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.
24. Singularidades do procedemento administrativo das entidades locais. A revisión e revogación dos actos dos entes locais. Tramitación de expedientes. Os interesados. Abstencións e recusacións. Recursos administrativos e xurisdicionais contra os actos locais.
25. As fontes do Dereito Local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de Réxime Local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.
26. A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento orgánico. Os Bandos.
27. O Municipio: concepto e elementos. A organización municipal. Competencias municipais. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.
28. A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As relacións entre as comunidades autónomas e as deputacións provinciais.
29. A xurisdición Contencioso-Administrativa. As partes procesuais. Obxecto do Recurso Contencioso-Administrativo. Tramitación do proceso Contencioso-Administrativo. Sistema de recursos. Execución das sentenzas.
30. O Orzamento como instrumento de planificación, como instrumento da administración e xestión mecanismo xeral de coordinación. O Ciclo Orzamentario e as súas fases.
31. Os recursos das facendas locais. Impostos, taxas e prezos públicos. Principais diferenzas. As contribucións especiais: anticipo e aprazamento de cotas e colaboración cidadá .
32. A Xestión, liquidación e recadación dos recursos das Facendas Locais. Os ingresos indebidos. A xestión de recadación en período voluntario e executivo. A revisión en vía administrativa dos actos de xestión tributaria ditados polas Entidades Locais. A xestión e recadación de recursos por conta doutros entes públicos.
33. O sistema de contabilidade da Administración local: principios, competencias e fins da contabilidade. As Instrucións de contabilidade: especial referencia ao trámite simplificado. Documentos contables e libros de contabilidade.
34. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa local na actividade privada. A actividade de fomento na esfera local.
35. A función pública local. Clases de empregados públicos locais. Os instrumentos de xestión de recursos humanos. Os funcionarios con habilitación de carácter estatal. Peculiaridades do seu réxime xurídico.
36. Os funcionarios propios das corporacións locais. Selección. Provisión de postos de traballo e promoción interna. A relación de servizos dos funcionarios públicos locais: dereitos, deberes.
37. Órganos de representación e negociación dos funcionarios locais. Negociación colectiva no réxime estatutario.
38. O persoal laboral nas entidades locais. Clases. A representación dos traballadores nas entidades locais. Os convenios colectivos.
39. Réxime de incompatibilidades. Seguridade Social e prevención de riscos laborais ao persoal ao servizo das Entidades Locais.
40. Coñecemento do municipio de Carballedo. Principales rúas, prazas e barrios. Edificios municipais e ubicación. Estrutura orgánica municipal.

ANEXO II

DOCUMENTO DE AUTOVALORACION-FASE DE CONCURSO ADMINISTRATIVO PROMOCION INTERNA

APELIDOS E NOME	D.N.I., NIE, Pasaporte
-----------------	------------------------

FASE DE CONCURSO - Máximo 10 puntos

EXPERIENCIA (Máximo 8 puntos)

Por cada ano ou fracción maior de seis meses en posto de traballo da categoría C2 desempeñado no Concello de Carballedo, como funcionario de carreira, ou como persoal laboral fixo do Concello de Carballedo que desempeñe funcións ou actividades reservadas ao persoal funcionario do Subgrupo C1, a razón de 0,7 puntos por ano ata un máximo de 8 puntos.

***Aportar certificado de Servizos prestados.**

Entidade	Posto	Duración

FORMACION: Máximo 2 puntos.

Cursos de formación e perfeccionamento: Máximo de 2 puntos. Únicamente se valorarán accións formativas, titulación de formación profesional, universitarias e titulacións de Expertos e Máster Universitarios debidamente acreditadas que versen sobre materias directamente relacionadas co as función propias do posto convocado, impartidos por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, e centros acollidos o Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades ou Colexios Profesionais, ou ben por calquer organismo público ou privado. Valoraránse a razón de:

- Menos de 20 horas: 0,1 puntos.
- De 20 a 50 horas: 0,2 puntos.
- De 51 a 80 horas: 0,3 puntos.
- De 81 a 150 horas: 0,4 puntos.
- De 151 a 300 horas: 0,6 puntos.
- Más de 300 horas: 0,8 puntos.

*As titulacións académicas xustificaranse mediante copia do correspondente título ou resguardo da súa solicitude. Os cursos acreditaranse mediante copia do diploma ou certificado de aproveitamento ou asistencia, debendo constar expresamente a duración dos mesmos. Nos cursos que non se acredite o número de horas non se asignará puntuación.

DENOMINACION	HORAS	PUNTOS
	TOTAL	

En Carballedo a de de 2024

Asdo.:.....

Anuncio

De conformidade co ordenado pola Alcaldía procédese á publicación da Resolución de data 29 de outubro de 2024 pola que se nomean os membros do Tribunal cualificador do procedemento incluído no proceso selectivo convocado mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2024 para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, dunha praza de Educador/a familiar incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) e se lles cita para que comparezan o día 11 de novembro de 2024 (luns) ás 10:00 horas na Casa do Concello de Carballedo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o expediente de consolidación de emprego do Concello de Carballedo, tramitado ao abeiro da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no seu artigo 2 que autoriza unha taxa adicional para a estabilización do emprego temporal para aquelas prazas que reúnan os criterios específicos de temporalidade.

Visto que con data 5 de decembro de 2022 foron publicadas no BOP de Lugo as bases xerais das probas selectivas para a selección das prazas de persoal laboral fixo derivadas do proceso especial de estabilización do emprego temporal de longa duración (Art. 2 e disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público) incluídas na OPE extraordinaria 2022 do Concello de Carballedo (BOP núm.119, do 26.05.2022).

Visto que con data 11 de maio de 2024, previa tramitación de expediente de corrección de erros, foron publicadas no antedito BOP as bases e convocatoria dunha praza de Educador/a familiar, pertencente á Escala de administración especial, subescala técnica, grupo II, esixíndose como requisito a titulación de mestre ou grao en unha titulación que habilite para o exercicio da profesión de mestre en educación infantil, primaria ou diplomado en educación social, ou primer ciclo da titulación de licenciatura en pedagogía da titulación de licenciado en psicoloxía ou da titulación de licenciado en psicopedagogía, ou graduado en unha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores .

Visto que, previa convocatoria da praza a través da súa publicación no BOE (do 19 de xuño de 2024) e dentro do prazo conferido ao efecto, foron presentadas catro solicitudes de participación no proceso selectivo, cumprindo todas elas co establecido nas anteditas Bases.

Visto que con data 16 de outubro de 2024 foi publicada a listaxe provisional (elevada a definitiva) de admitidos ao proceso selectivo excepcional de longa duración, para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo en unha (1) praza denominada Educador/a familiar polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluídas na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Visto que, conforme ao disposto na Base xeral sétima, procede nomear o Tribunal cualificador, que estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente) e será nomeado pola presidencia do Concello de Carballedo, publicándose a resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Resultando ademais que estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear as persoas que de seguido se detallan membros do Tribunal cualificador do procedemento incluído no proceso selectivo convocado mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2024 para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Carballedo polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, dunha praza de Educador/a familiar incluída na oferta de emprego para o ano 2022 (Bop. núm. 119 de 26 de maio de 2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

PRESIDENTE/A.

Titular: D. David Criado Taboada, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario Interventor do Concello de Agolada.

Suplente: Dª. Irene Suárez López, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Cabanas.

VOGAIS.

1º Titular: D. José Manuel Fernández López, Funcionario Técnico de Xestión do Concello de Taboada.

Suplente: D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario do Concello de Mos

2º Titular: D^a. Susana Martínez Rodríguez, Funcionaria Técnico de Xestión do Concello de Chantada.

Suplente: D^a. Alejandra Pardo Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria do Concello de Cariño.

3º Titular: D^a Concepción Fernández-Novoa Valladares, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Villamarín.

Suplente: María Dolores Rodríguez Gómez, Funcionaria, Traballadora social do Concello de Taboada.

SECRETARIO/A: Titular: Fernando Torre Comesaña, Secretario Interventor do Concello de Carballedo

Suplente: D^a Nadia Díaz Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora da Agrupación integrada polos Concellos de Taboada e Guntín

SEGUNDO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o día 11 de novembro de 2024 (luns) ás 10:00 horas na Casa do Concello de Carballedo para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da Entidade.

CUARTO.- Comunicar que cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Carballedo, 29 de outubro de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3355

MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 29 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0311 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE PROFESOR/A SUPERIOR ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “DIRECTOR/A-PROFESOR/A DE VIOLÍN ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA”, GRUPO A, SUBGRUPO A1, XORNADA PARCIAL: 75%, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en unha praza de persoal **laboral fixo** no Concello de Mondoñedo denominada **Profesor/a Superior Escola Municipal de Música (posto: Director/a-Profesor/a de Violín Escola Municipal de Música)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada parcial: 75%**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de

Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0076 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 7 de xuño de 2024 a Resolución núm. 2024-0124 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a realización da proba de galego e para a fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Tras ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 13 de xuño de 2024, na que se reflicte que o candidato JUAN RAMÓN CARBALLAL GONZÁLEZ con DNI ***4344** superou a proba de galego coa calificación de apto, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 14 ata o 18 de xuño de 2024 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 20 de xuño de 2024, na que se reflicte que o candidato JUAN RAMÓN CARBALLAL GONZÁLEZ con DNI ***4344** foi o candidato con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de xuño de 2024 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

Posteriormente, e tras ver o documento do 21 de outubro de 2024 que contiña as cualificacións finais definitivas, a proposta de nomeamento, a listaxe de emprego temporal e prazo de presentación de documentación, estivo aberto un prazo de 5 días naturais, desde o 22 ata o 26 de outubro de 2024, para que o candidato proposto presentara a documentación requirida nas bases de convocatoria. Documentación que foi presentada a través do rexistro municipal o día 24 de outubro de 2024 co número de entrada 2024-E-RC-3040.

Con base no anterior e en vista das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar o nomeamento como persoal laboral fixo, a tempo parcial (75% xornada), para ocupar unha (1) praza de persoal laboral fixo no Concello de Mondoñedo de **Profesor/a Superior Escola Municipal de Música, posto denominado Director/a-Profesor/a de Violín Escola Municipal de Música, grupo A, subgrupo A1 a D. Juan Ramón Carballal González con DNI núm. ****4344**.**

Segundo.- Notificar a presente ao interesado, publicala no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dar traslado da presente Resolución aos servizos correspondentes para a súa execución e efectos.

Así o ordena e asina o Alcalde-Presidente.

Mondoñedo, 29 de outubro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. A secretaria-interventora, Ruth López-Mosquera García.

R. 3356

Anuncio

A Alcaldía-Presidencia do Concello de Mondoñedo, o día 29 de outubro de 2024 ditou a resolución núm. 2024-0310 que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

NOMEAMENTO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA (1) PRAZA DE PROFESOR/A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, PARA O POSTO DENOMINADO “PROFESOR/A DE VIOLONCELLO ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA”, GRUPO A, SUBGRUPO A2, XORNADA PARCIAL: 37,5%, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE MONDOÑEDO, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021)

O Presidente do Goberno de España, publicou no Boletín Oficial do Estado núm. 312, do 29 de decembro de 2021, a Lei 20/2021, do 28 de decembro de 2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

A Alcaldía, deste concello, aprobou mediante Resolución núm. 2022-0110 do 24 de maio de 2022, a oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpría as previsións do artigo 2 e da disposición adicional sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 119, do 26 de maio de 2022, realizando previamente a negociación colectiva establecida pola lexislación vixente.

Posteriormente, o Concello de Mondoñedo, confeccionou as Bases Xerais que regulan, xunto coas Bases Específicas, o proceso selectivo excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, convocado para o ingreso en **unha praza** de persoal **laboral fixo** no Concello de Mondoñedo denominada **Profesor/a Escola Municipal de Música (posto: Profesor/a de Violoncello Escola Municipal de Música)**, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, **xornada parcial: 37,5%**, incluída na Oferta de emprego público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e 8ª da Lei 20/2021), e publicadas no BOP de Lugo nº 298, do 30 de decembro de 2022 e corrección de erros no BOP de Lugo nº 299, do 31 de decembro de 2022, co anuncio do extracto da convocatoria no DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2023 e no BOE núm. 37, do 13 de febreiro de 2023.

Unha vez publicado no BOE o extracto da convocatoria e bases xerais e específicas, iniciouse o prazo de vinte días naturais a contar desde o seguinte á publicación, polo que o prazo de presentación de instancias estivo aberto desde o 14 de febreiro ata o 6 de marzo de 2023 (ambos inclusive).

Esta Alcaldía, ditou o día 30 de marzo de 2023 a Resolución núm. 2023-0075 a través da que se aprobaba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao citado proceso selectivo. Non presentándose alegacións, polo que tal e como consta no apartado 6.2 das Bases Xerais do proceso de selección, de non presentarse alegacións á lista provisional considerárase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación desta.

Esta Alcaldía, ditou o día 7 de xuño de 2024 a Resolución núm. 2024-0123 a través da que se nomea e se convoca ao tribunal para a fase de baremo de méritos dos aspirantes admitidos e excluídos neste proceso selectivo.

Logo de ver a acta do tribunal do proceso selectivo do 13 de xuño de 2024, na que se reflicte que a candidata JULIA NOGUEIRA FERNÁNDEZ con DNI ***1947** foi a candidata con maior puntuación, esta estivo exposta na sede electrónica desta entidade local (<https://sedelectronica.mondonedo.gal>), por un período de 5 días naturais, desde o 18 ata o 22 de xuño de 2024 (ambos incluídos) sen que os/as aspirantes deste proceso realizaran ningunha alegación.

